

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a comisaria europea de Sanidade, Androulla Vassiliou, existe unha relación directa que entre a economía e a saúde das persoas, e unha das consecuencias desta crise económica é o incremento nun 25% no número de suicidios e nun 15% o de novos casos psiquiátricos.

Entre os 10 países con maiores índices de suicidios no mundo, seis son membros da Unión Europea, segundo o último informe da Organización Mundial da Saúde (OMS): Lituania ocupa o primeiro posto, seguido por Rusia, Kazajstán, Hungría, Eslovenia e Estonia.

O Grupo de Familiares y Allegados en Duelo por Suicidio (FaeDS) denuncia que o suicidio xa é a primeira causa de morte non natural no estado español, por diante dos accidentes de tráfico. E a cifra segue aumentando.

Cada día 10 persoas quítanse a vida en España. Un total de 3.910 persoas (2.938 homes e 972 mulleres) faleceron por este motivo durante 2014. Un 20% máis que o rexistro de 2007, antes da crise económica, e a cifra máis alta dos últimos 25 anos (na década dos 80 se contabilizaban pouco máis de 1.500 suicidios ao ano).

Segundo os datos de “Defunciones según la causa de morte” do Instituto Nacional de Estadística (INE), a gráfica de los suicidios subiu dende 2007 a 2009, descendeu logo ata 2010; entre 2011 y 2012 o incremento foi do 11% e entre 2012 e 2013 creceu un 9%. 2014 foi o cuarto ano no que se rexistra unha subida, un 1% máis que durante el año anterior, 40 persoas máis.

**¡Error! No se puede leer o presentar el archivo.**

Pero, nos últimos anos non só se teñen disparado as cifras de suicidios, senón que tamén se están a incrementarse as taxas dos trastornos mentais. Os datos do último informe da Sociedad Española de Salud Pública y Administración Sanitaria constatan unha subida do 19,4% dos casos de depresión, do 8,4% dos trastornos de ansiedade, do 6,4% das crises de angustia e do 4,6% dos problemas relacionados co abuso do alcohol, ansiolíticos e antidepresivos.

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (INE), Galiza é unha das comunidades onde máis ten aumentado a taxa de suicidios. Durante o ano 2014 se rexistraron 390 suicidios fronte aos 333 do ano anterior. As principais causas ás que achacan estes datos son: o incremento do desemprego e as débedas hipotecarias.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- Presentar no Parlamento un estudo sobre a evolución dos casos de suicidios en Galiza entre os anos 2005 e 2015.
- Presentar no Parlamento un estudo sobre a evolución das enfermidades mentais en Galiza entre os anos 2005 e 2015.

- Presentar no Parlamento un estudo sobre a evolución do consumo de antidepressivos, ansiolíticos, alcohol e outras drogas entre os anos 2008 e 2015.
- Convocar unha Oferta Pública de Emprego que contemple o persoal de saúde mental (psicólogos clínicos, psiquiatras, enfermería psiquiátrica) necesario para garantir a prevención e tratamento das enfermidades mentais e o suicidio.
- Presentar no Parlamento un Plan Galego de Prevención do Suicidio.”

Pazo do Parlamento, a 04 de abril de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 04/04/2016 15:17:40**

**Mónica Fernández Rodríguez na data 04/04/2016 15:17:46**

